

4377 *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.* («BOE» 54, do 4-3-2003.)

Advertidas erratas no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 5 en lingua galega, do 1 de marzo de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 742, primeira columna, anexo I, «D. Radioactividade», «Parámetro», cuarta liña, onde di: «Actividade β total», debe dicir: «Actividade β resto».

Na páxina 743, segunda columna, anexo IV, «Métodos de ensaios», parte A, na nota 1, «A composición do ágar m-CP é: (...),» onde di: « $MgSO_4 - 7 H_2O$: 0,1 mg», debe dicir: « $MgSO_4 - 7 H_2O$: 0,1 g».

4605 *REAL DECRETO 214/2003, do 21 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de policlorobifenilos (PCB) similares ás dioxinas nos pensos.* («BOE» 56, do 6-3-2003.)

O termo «dioxinas» abrangue un grupo de 75 policlorodibenzo-p-dioxinas (PCDD) e 135 policlorodibenzofuranos (PCDF) conxéneres, dos cales 17 entrañan riscos toxicolóxicos. Os policlorobifenilos (PCB) son un grupo de 209 conxéneres diferentes, dos cales 12 presentan propiedades toxicolóxicas similares ás dioxinas, polo que son coñecidos xeralmente co nome de «PCB similares ás dioxinas».

Así mesmo, no Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal, que incorporou o ordenamento xurídico español a Directiva 1999/29/CE, do Consello, do 22 de abril de 1999, relativo ás substancias e produtos indesexables na alimentación animal, quedaron recollidos os niveis máximos de dioxinas e furanos, en virtude do disposto na Orde PRE/1490/2002, do 13 de xuño, que modificaba os seus anexos. Esta orde incorporaba o ordenamento xurídico interno a Directiva 2001/102/CE, do 27 de novembro de 2001, pola que se modifica a Directiva 1999/29/CE, relativa ás substancias e produtos indesexables na alimentación dos animais.

A Directiva 2002/70/CE, da Comisión, do 26 de xullo de 2002, pola que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de PCB similares ás dioxinas nos pensos, establece unha serie de disposicións, unicamente para efectos da aplicación da Directiva 2001/102/CE, do 27 de novembro de 2001, co fin de garantir que os laboratorios utilizan métodos de análise con niveis de eficacia comparables. É dicir, establece os requisitos que debe cumprir cada método de análise.

Este real decreto incorpora o ordenamento xurídico español a Directiva 2002/70/CE, do 26 de xullo de 2002.

Na tramitación desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados. Así mesmo, a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de febreiro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Toma de mostras.*

A toma de mostras para fins do control oficial dos niveis de dioxinas e furanos e a determinación dos niveis de policlorobifenilos (PCB) similares ás dioxinas nos pensos realizarase conforme os métodos descritos no anexo I.

Artigo 2. *Preparación de mostras e métodos de análise.*

A preparación das mostras e os métodos de análise utilizados para o control oficial dos niveis de dioxinas e furanos e a determinación dos niveis de PCB similares ás dioxinas nos pensos cumpriran os criterios establecidos no anexo II.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Esta disposición ten carácter de normativa básica, en virtude do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que reserva ó Estado as competencias exclusivas sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para que, no ámbito das súas respectivas competencias, adopten as disposicións necesarias para o desenvolvemento das previsións deste real decreto e para a modificación dos seus anexos como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 21 de febreiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Métodos de mostraxe para o control oficial dos niveis de dioxinas (PCDD/PCDF) e a determinación de PCB similares ás dioxinas en determinados pensos

1. Obxecto e ámbito de aplicación:

As mostras destinadas ó control oficial dos niveis de contido de dioxinas (PCDD/PCDF), así como á determinación do contido de PCB¹ similares ás dioxinas nos pensos, tomaranse de conformidade co disposto na Orde do 12 de maio de 1989 pola que se aproban os métodos oficiais de toma de mostras de alimentos para animais. As mostras globais así obtidas consideraranse representativas dos lotes ou sublotes dos que se obteñan. O cumprimento dos niveis máximos establecidos no Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal, determinarase en función dos niveis atopados nas mostras de laboratorio.